



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E A UNIVERSIDADE NACIONAL DE EDUCACIÓN A DISTANCIA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DA UNED EN ARQUIVOS E MUSEOS DA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Consellería de Cultura e Turismo, en virtude do seu cargo de conselleiro para o que foi nomeado en virtude do Decreto 97/2018, do 26 de setembro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Da outra parte, Dña. Nancy Anne Konvalinka, en calidade de Vicerreitora de Coordinación Académica e Calidade da Universidade Nacional de Educación a Distancia, cargo para o que foi nomeada pola Resolución reitoral do 21 de decembro de 2018, en nome e representación da mesma, en virtude da delegación de competencias efectuada mediante Resolución do Reitorado de 15 de xaneiro de 2019 (B.O.E. do 19 de xaneiro).

Ambas as dúas partes actúan en virtude de poderes suficientes para comparecer neste acto e vincularse, poderes ou capacidades que manifestan non lle foron modificados nin revogados.

Todas as partes recoñécense plena capacidade e lexitimación abonda para a formalización do presente convenio e, para estes efectos,

EXPOÑEN

1. Que o Real decreto 592/2014, de 11 de xullo, que regula as prácticas académicas externas de estudantes universitarios establece no seu art. 8.1.a, a posibilidade de que o alumnado matriculado en ensinanzas impartidas pola universidade realicen prácticas académicas externas, que poderán ser curriculares ou extracurriculares.
2. Que o Real decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o “Estatuto do Estudiante Universitario”, establece no seu art. 8.f) o dereito do alumnado á realización de prácticas curriculares ou extracurriculares, que poderán realizarse en entidades externas.
3. A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo laboral constitúe unha das preocupacións da UNED, de aí que sexa un dos seus obxectivos complementar a súa formación teórica mediante as prácticas en entidades que lles permita coñecer a realidade laboral.



4. Que a Consellería de Cultura e Turismo ten interese en colaborar no sistema de formación práctica do alumnado da UNED.

As dúas partes consideran necesario un maior achegamento entre o ámbito laboral e a universidade, para facilitar a futura inserción laboral do alumnado universitario mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas externas, acadando ao mesmo tempo a mellor cualificación e inserción no ámbito laboral.

5. Con este convenio preténdese regular a cooperación educativa na que se delimiten as garantías recíprocas do alumnado e a entidade colaboradora no desenvolvemento do período de prácticas.
6. A UNED comprométese ao respecto do dereito fundamental de protección de datos e da privacidade, polo que cumprirá de xeito leal co *Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos)*, coa Lei 3/2018, de protección de datos de carácter persoal e da garantía dos dereitos dixitais e co resto da lexislación española aplicable nesta materia.

En consecuencia, acordan formalizar o presente convenio de colaboración coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. OBXECTO.

1. As partes asinantes acordan establecer un programa para a realización de prácticas académicas externas do alumnado da UNED nos arquivos e museos da Consellería de Cultura e Turismo que se relacionan, así como para achegar as súas persoas expertas para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada que fose precisa. As prácticas poderán ser:
 - a) Curriculares, contempladas nos plans de estudos.
 - b) Prácticas conducentes á elaboración dos traballos fin de grao / traballos fin de máster, segundo se contempla nos plans de estudo e demais normativa de aplicación.
 - c) Extracurriculares ou complementarias.
2. O convenio fixa os mecanismos de colaboración entre as partes coa finalidade de establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación da colaboración.
3. Os centros nos que se poderán desenvolver as prácticas son os seguintes:

Museo das Peregrinacións e de Santiago (Santiago de Compostela)

Museo de Belas Artes da Coruña

Museo Massó de Bueu (Pontevedra)





Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense
Museo do Castro de Viladonga (Lugo)
Museo Etnolóxico de Ribadavia (Ourense)
Museo do Mar de Galicia en Vigo (Pontevedra)
Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC)
Arquivo do Reino de Galicia (A Coruña)
Arquivo Histórico Provincial de Lugo
Arquivo Histórico Provincial de Ourense
Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra
Arquivo de Galicia en Santiago de Compostela
Arquivo Xeral Territorial de Pontevedra
Arquivo Xeral Territorial de Vigo
Arquivo Xeral Territorial de Lugo
Parque Arqueolóxico de Campo Lameiro (Pontevedra)

Segunda. CONVOCATORIA DE PRÁCTICAS.

1. A UNED realizará, como mínimo, unha convocatoria de prácticas en cada curso académico na que se concretará o número de alumnos de prácticas, garantindo os principios de transparencia, publicidade e igualdade de oportunidades. A realización efectiva das prácticas convocadas poderá exceder o período ordinario do curso académico con límite até o 30 de setembro do curso seguinte.
2. Corresponde à UNED a selección do alumnado conforme aos principios de publicidade, mérito e capacidade. No caso de que a convocatoria das prácticas non concrete a valoración dos méritos, o órgano de selección deberá elaborar e publicar os ditos criterios antes da análise dos expedientes.
3. En todo caso, terán prioridade nos procesos de selección as prácticas curriculares sobre as extracurriculares. Así mesmo outorgarase prioridade na elección e adxudicación de prácticas ao alumnado con discapacidade, con obxecto de que poidan optar a empresas que teñan unha adaptación de medios para realizar as prácticas.
4. Unha vez asignado o destino das prácticas e antes do seu inicio, o alumnado ten que formalizar a matrícula.



Terceira. REQUISITOS DO ALUMNADO EN PRÁCTICAS.

Poderá realizar prácticas nos arquivos e museos da Consellería de Cultura e Turismo o alumnado da UNED que curse estudos correspondentes a calquera das titulacións que figuran no Anexo II deste convenio.

Para a realización das prácticas académicas externas o alumnado deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado na titulación á que se vinculan as prácticas segundo as competencias que debe adquirir o alumnado.
- b) Non ter superados os créditos vinculados a estas prácticas externas curriculares, e non ter realizado o depósito do título. O alumnado deberá matricular os créditos correspondentes ás prácticas curriculares adxudicadas.
- c) Non superar o número máximo de créditos de prácticas externas extracurriculares e non ter realizadas estas prácticas na mesma entidade en convocatorias precedentes, agás que a actividade que vai desenvolver sexa nun programa diferente, nunha unidade ou dispositivo diferente ou non superase o límite máximo de horas nesa entidade e non ter realizado o depósito do título. O alumnado deberá matricular os créditos correspondentes ás prácticas extracurriculares adxudicadas.
- d) Non manter ningunha relación contractual coa institución ou entidade pública na que se van realizar as prácticas.

Cuarta. NÚMERO DE PRAZAS DE PRÁCTICAS.

O número de prazas que se convoquen para realizar as prácticas determinará a Comisión de Seguimento deste convenio e concretarase nas convocatorias que faga a UNED.

A admisión do alumnado en prácticas da UNED nos arquivos e museos da consellería estará condicionada á capacidade dos centros para asumir a súa formación de forma que só se admitirán en cada convocatoria un número determinado fixado en función das súas posibilidades de admisión.

Quinta. DURACIÓN DAS PRÁCTICAS, RÉXIME DE PERMISOS E CONDICIÓNS DE RESOLUCIÓN ANTICIPADA DAS PRÁCTICAS.

1. A duración das prácticas será a seguinte:





a) As prácticas externas curriculares terán a duración que estableza o plan de estudos correspondente, nos termos establecidos polo artigo 12.6 do Real decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanza universitarias oficiais.

b) As prácticas externas extracurriculares terán unha duración non superior ao cincuenta por cento do curso académico, é dicir, 30 ECTS (ou sexa, 750 horas, considerando unha equivalencia de 25h/ECTS).

2. Os horarios de realización das prácticas estableceranse de acordo coas súas características e as dispoñibilidades da entidade colaboradora. Deberán ser compatibles coa actividade académica, formativa e de representación e participación desenvolvida polo alumnado na universidade.
3. O réxime de permisos será acordado pola UNED que deberá comunicarllo à entidade colaboradora. En todo caso, a entidade colaboradora deberá respectar as obrigas que se deriven do cumprimento da actividade académica e formativa, así como da representación e participación do alumnado.
4. Poderá ser excluído das prácticas académicas o alumnado que incumpra as actividades definidas no proxecto formativo ou as directrices marcadas polo titor ou titora da entidade colaboradora. Neste caso, a UNED comunicará á entidade colaboradora esta circunstancia para, a continuación, dar por finalizada anticipadamente a realización da práctica externa coa perda dos dereitos formativos e, de ser o caso, económicos que corresponderan ás persoas beneficiarias.
5. No caso de que as prácticas na entidade colaboradora non se axusten ao acordado coa Comisión de Título poderán ser rescindidas. Nestes casos, a Comisión de Título ou órgano competente deberá ofrecer unha solución para completar o período que lle reste á alumna ou alumno para finalizar as prácticas.

Así mesmo, o alumnado en prácticas poderá, por causas xustificadas, solicitar a renuncia a elas, o que deberá ser resolto pola vicerreitoría con competencias en materia de prácticas académicas.

Sexta. PROXECTO FORMATIVO DAS PRÁCTICAS.

O proxecto formativo no que se concretará a realización das prácticas académicas externas deberá fixar os obxectivos educativos e as actividades que se vaian desenvolver. Os obxectivos estableceranse considerando as competencias básicas, xenéricas, específicas e transversais que debe adquirir o alumnado. Así mesmo, os contidos das prácticas definiranse de forma que aseguren a relación directa das competencias a adquirir cos estudos cursados. Este proxecto formativo adecuarase ao contido especificado no anexo I a este convenio para a realización de prácticas académicas externas.



Sétima. VINCULACIÓN DO ALUMNADO EN PRÁCTICAS COA ENTIDADE COLABORADORA.

1. A relación do alumnado en prácticas coas entidades colaboradoras non terá en ningún caso carácter laboral e, polo tanto, non se poderá acoller a ningunha modalidade contractual laboral das previstas no “Estatuto dos Traballadores”.
2. As actividades estarán sempre orientadas á aprendizaxe práctica titorizada, polo que o alumnado en prácticas non poderá realizar tarefas de responsabilidade na entidade colaboradora, nin as propias e exclusivas do seu persoal.
3. A entidade colaboradora non poderá cubrir co alumnado en prácticas ningún posto de traballo, nin sequera con carácter eventual ou interino.
4. Durante o período de prácticas non se poderá formalizar ningún contrato de traballo entre a entidade colaboradora e o alumnado.

Oitava.- ASEGURAMENTO DO ALUMNADO E RESPONSABILIDADE CIVIL.

1. A realización de prácticas académicas externas estará cuberta polo seguro escolar, sempre que se realicen en territorio nacional. Para o alumnado maior de vinte e oito anos formalizarase obrigatoriamente, ao seu cargo, un seguro de accidentes.
2. A UNED dispón dun seguro de responsabilidade civil que cubriría as posibles continxencias, nos termos estipulados na póliza, durante o desenvolvemento das prácticas das que se derivase responsabilidade civil da universidade. Non obstante, no caso de prácticas en que concorran riscos excepcionais ou outras circunstancias, e así se considere na convocatoria, poderán contratarse seguros adicionais.
3. No caso de realización de prácticas académicas externas fóra do territorio nacional, o alumnado está obrigado a ter un seguro médico que garanta a asistencia sanitaria no país onde realizará o seu período de prácticas (Tarxeta Sanitaria Europea ou seguro privado). Con todo, as prestacións da Tarxeta Sanitaria Europea ou dun seguro privado poden non ser suficientes en caso de repatriación ou determinadas intervencións médicas, polo que se recomenda ao alumnado a contratación dun seguro complementario privado. En calquera caso, solicitaráselle que acredite a tramitación da Tarxeta Sanitaria Europea ou dun seguro privado antes da súa partida. O alumnado que realice prácticas no estranxeiro deberá subscribir un seguro adicional de asistencia en viaxe que cubra, polo menos, responsabilidade civil privada, danos a terceiros, accidentes persoais e repatriación.



Novena.- DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO.

1. O alumnado en prácticas terá dereito a contar cun titor ou titora externa da entidade colaboradora e un titor ou titora académica da universidade.
2. O alumnado en prácticas terá dereito a:
 - a) Ser avaliados no desenvolvemento das súas actividades, segundo o establecido no programa. A avaliación referirase á consecución dos obxectivos de formación que deberán ser coñecidos polo titor ou titora externa. O alumnado terá dereito a coñecer os criterios de avaliación.
 - b) Que se lle imputen os créditos cursados para os efectos de finalización de estudos no caso das prácticas curriculares, sempre que contén coa avaliación positiva do seu período de prácticas. No caso das prácticas extracurriculares, a que a Universidade acredite as prácticas realizadas facéndolas constar no expediente e no Suplemento Europeo ao Título (SET) sempre que contén con avaliación positiva e se realicen antes do remate dos estudos.
 - c) Expedición, por parte da entidade colaboradora, unha vez finalizado o período de prácticas con avaliación positiva, dunha certificación con mención expresa do nivel acadado na realización das prácticas e indicación da especialidade á que estivo orientada a súa formación, de ser o caso.
 - d) Que se lle recoñeza a propiedade intelectual e industrial nos termos establecidos na lexislación reguladora da materia.
 - e) Recibir, por parte da entidade colaboradora, información da normativa de seguridade e prevención de riscos laborais.
 - f) Cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, previa comunicación con antelación suficiente á entidade colaboradora.
 - g) Dispoñer, no caso do alumnado con discapacidade, dos recursos necesarios para o acceso á tutela, á información, á avaliación e á realización das prácticas en igualdade de condicións.
 - h) Conciliar, no caso do alumnado con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou relacionadas coa súa situación de discapacidade.
 - i) O alumnado en prácticas que por razón das actividades formativas teña acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal non revelará, a persoa allea á entidade colaboradora, información da que tivera coñecemento, nin utilizará ou disporá dela dun xeito ou cunha finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de segredo fronte á entidade colaboradora, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puideran derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.





3. No caso das prácticas curriculares se o alumnado, unha vez matriculado, non recibiu a formación por incumprimento da entidade colaboradora, o centro deberá procurar a súa incorporación noutra entidade para desenvolver as prácticas dentro da mesma convocatoria. De resultar imposible, terá dereito á devolución dos prezos públicos pagados e preferencia na asignación na seguinte convocatoria.

No caso de prácticas extracurriculares se o alumnado, unha vez matriculado, non recibiu a formación por incumprimento da entidade xestora ou da entidade colaboradora, poderá optar pola devolución dos prezos públicos pagados, pola súa inclusión nunha lista de agarda ou pola súa inscrición automática nunha nova convocatoria. Este alumnado terá preferencia sobre as novas solicitudes de prácticas extracurriculares.

Así mesmo, terán os dereitos establecidos no Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, no Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o “ Estatuto do estudante universitario”.

4. Durante o período de prácticas, o alumnado deberá desenvolver o proxecto formativo e elaborar unha memoria final e, de ser o caso, un informe intermedio.
5. Con relación á entidade en que se desenvolven as prácticas, o alumnado deberá:
- a) Incorporarse na data acordada e cumprir o horario previsto no anexo.
 - b) Cumprir e respectar o sistema organizativo da entidade.
 - c) Gardar o debido sexilo respecto dos asuntos que coñezan nas súas tarefas.
 - d) Cumprir e respectar as normas de seguridade e prevención de riscos laborais da entidade.
 - e) Cumprir con dilixencia e boa fe as actividades acordadas coa entidade colaboradora.
6. O alumnado de prácticas curriculares estará obrigado á realización da totalidade de créditos dos que estean matriculados, de acordo co establecido no plano de estudos, para obteren o recoñecemento académico.

O incumprimento das súas obrigas poderá determinar a perda automática dos seus dereitos como estudante en prácticas sen prexuízo das accións disciplinarias que procedan.

Décima.-TITORIZACIÓN DAS PRÁCTICAS.

A cada estudante seralle atribuído un titor ou titora académica que será docente da titulación por designación do centro para cada práctica ofertada coa misión de facer un seguimento máis directo, dar resposta ás expectativas formativas establecidas, asegurar o seu correcto desenvolvemento e avalialo de acordo co proxecto formativo e o programa ou guía docente da materia. O titor ou titora académica tamén será o responsable de avaliar ao alumnado de prácticas externas



curriculares conforme os criterios de avaliación que se fixen e segundo o procedemento de avaliación establecido pola UNED.

Cada estudante contará tamén cun titor ou titora na entidade colaboradora onde realice as prácticas. Será o responsable de aplicar o plan de formación previsto e elaborar os informes de valoración que lle sexan solicitados sobre o traballo desenvolvido pola alumna ou alumno.

Décimo primeira.- DEREITOS E OBRIGAS DAS TITORAS E TITORES.

1. A titora ou titor externo da entidade colaboradora terá dereito a:
 - a) O recoñecemento da súa actividade colaboradora por parte da universidade, a través da súa solicitude.
 - b) A recibir información acerca do regulamento de prácticas académicas externas.
 - c) A recibir información sobre o proxecto formativo e as condicións do seu desenvolvemento.
 - d) A obter a información e o apoio necesarios para o cumprimento dos fins propios da súa función.
2. A titora ou titor externo da entidade colaboradora terá os seguintes deberes:
 - a) Acolloer o alumnado e organizar a actividade segundo o establecido no proxecto formativo.
 - b) Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento da práctica cunha relación baseada no respecto mutuo e o compromiso coa aprendizaxe.
 - c) Informar ao alumnado da organización e funcionamento da entidade e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.
 - d) Coordinar coa titora ou titor académico da universidade o desenvolvemento das actividades establecidas no convenio que deberán contemplar:
 - 1º) As modificacións do plan formativo que poidan ser necesarias para o desenvolvemento da práctica.
 - 2º) A comunicación e resolución das incidencias que puidesen xurdir.
 - 3º) O control de permisos para a realización de exames e/ou outro tipo de actividades de carácter académico.
 - 4º) Emitir o informe final e, de ser o caso, o informe intermedio.
 - 5º) Proporcionar a formación complementaria que precise o alumnado para a realización das prácticas.
 - 6º) A entidade colaboradora deberá proporcionar ao alumnado os medios materiais indispensables para o desenvolvemento das prácticas.
 - 7º) Facilitar e estimular a achega de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte do alumnado.





8º) Facilitar á titora ou titor académico da universidade o acceso á entidade para o cumprimento dos fins propios da súa función.

9º) Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do alumnado como consecuencia da súa actividade como titora ou titor.

10º) Prestar axuda e asistencia ao alumnado durante a súa estancia na entidade, para a resolución daquelas cuestións de carácter profesional que poida necesitar no desempeño das actividades que realiza.

3. A titora ou titor académico da universidade terá os seguintes dereitos:

a) Recoñecemento efectivo da súa actividade académica, sen que do devandito recoñecemento poidan derivarse en ningún caso efectos retributivos específicos.

b) Recibir información verbo do regulamento de prácticas académicas externas, así como do proxecto formativo e das condicións baixo as que se desenvolverá a estancia do alumnado que debe tutelar.

c) Ter acceso á entidade colaboradora para o cumprimento dos fins propios da súa función.

4. A titora ou titor académico da universidade terá os seguintes deberes:

a) Velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, garantindo a compatibilidade do horario das prácticas coas obrigas académicas, formativas, de representación e participación do alumnado.

b) Facer un seguimento efectivo das prácticas coordinándose coa titora ou titor externo da entidade colaboradora vistos, de ser o caso, os informes de seguimento.

c) Autorizar as modificacións que se produzan no proxecto formativo.

d) Avaliar as prácticas do alumnado titorizado.

e) Gardar confidencialidade sobre a información que coñeza como consecuencia da súa actividade como titora ou titor.

f) Informar á persoa responsable das prácticas académicas externas na universidade das posibles incidencias xurdidas.

g) Supervisar e, de ser o caso, solicitar a adecuada disposición dos recursos de apoio necesarios para asegurar que o alumnado con discapacidade realice as súas prácticas en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

Décimo segunda. MEMORIA DAS PRÁCTICAS.

Ao rematar o período de prácticas cada alumna ou alumno deberá realizar unha memoria final sobre o traballo desenvolvido que entregará á titora ou titor académico.





Décimo terceira. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN.

A titora ou titor académico, á vista do informe da entidade colaboradora e da memoria final do alumnado, avaliará as prácticas desenvolvidas cubrindo o correspondente informe de valoración.

Décimo cuarta. CERTIFICACIÓN DA ENTIDADE COLABORADORA.

No caso de que a avaliación da memoria e o informe de actuación do alumnado sexan favorables, a entidade colaboradora emitirá para cada alumna ou alumno unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración, e as actividades, traballos, investigacións, etc. realizados nela. A certificación deberá especificar que carecerá de efectos académicos quedando supeditada, a estes efectos, á avaliación que realice a UNED das prácticas.

Décimo quinta. EFECTOS DAS PRÁCTICAS.

A realización das prácticas curriculares polo alumnado computará para a obtención dos títulos correspondentes co carácter establecido no plan de estudos.

No caso das prácticas extracurriculares, non formarán parte do plan de estudos, pero figurarán no expediente e no Suplemento Europeo ao Título, sempre que se realizaran antes da finalización dos estudos.

Décimo sexta. PROTECCIÓN DE DATOS.

As partes comprométense a cumprir o establecido no *Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos)*, así como na Lei 3/2018, de protección de datos de carácter persoal e da garantía dos dereitos dixitais e no resto da lexislación española aplicable nesta materia.

O alumnado en prácticas que por razón das actividades formativas teña acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal non revelará, a persoa allea á entidade colaboradora, información da que tivera coñecemento, nin utilizará ou disporá dela dun xeito ou cunha finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de segredo fronte á entidade colaboradora, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puideran derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Para tal efecto o alumnado poderá asinar coa entidade colaboradora un documento no que se obrigue a cumprir o deber de segredo antes citado.



A UNED protexe e garante o dereito fundamental á protección de datos e amósase especialmente sensibilizada pola salvagarda da privacidade das persoas. O tratamento de datos faise de acordo co *Regulamento (UE) 2016/679* citado, coa Lei 3/2018, de protección de datos de carácter persoal e da garantía dos dereitos dixitais así como co resto da lexislación española aplicable nesta materia. Así as cousas, este tratamento responde aos principios de licitude, lealdade, transparencia, limitación da finalidade, minimización dos datos, exactitude, limitación do prazo de conservación, integridade, confidencialidade e responsabilidade proactiva.

Décimo sétima. NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA.

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electrónicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, a persoa interesada deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, a persoa interesada poderá autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo oitava. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Créase unha comisión de seguimento e interpretación do presente convenio. Intégrana, por parte da UNED, o vicerreitor ou vicerreitora con competencias en materia de prácticas académicas externas, ou persoa en que delegue, e a persoa responsable das prácticas do centro, e por parte da entidade colaboradora as dúas persoas que esta designe. O vicerreitor ou vicerreitora con competencias en materia de prácticas académicas externas, ou persoa en quen delegue, será a persoa interlocutora da Universidade coa entidade colaboradora en todo o relativo a este convenio.

A Comisión de Seguimento terá as seguintes competencias:

1. Resolver os problemas que presente a súa execución.
2. Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre partes.



3. Tomar medidas en relación coas incidencias que xurdan na realización das prácticas, incluída a expulsión do alumnado que non cumpra as cláusulas do convenio.

A comisión reunirase cando así o considere necesario calquera das partes.

Décimo novena. NORMAS DE APLICACIÓN SUPLETORIAS.

A falta de determinación no convenio, seranlle de aplicación as seguintes normas:

- a) Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias.
- b) Real decreto 592/2014 de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas do alumnado universitario.
- c) Normativa do Plan de estudos da titulación.
- d) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común
- e) Lei 40 /2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público
- f) Convocatorias de prácticas externas e demais disposicións xerais de aplicación.

Vixésima. VIXENCIA DO CONVENIO.

O convenio terá efectos dende a súa sinatura e a súa duración será de catro anos, podendo prorrogarse de forma expresa para os seguintes catro anos de común acordo polas partes e en tanto non se denuncie expresamente como mínimo cun ano de antelación.

En todo caso, non se poderá rescindir mentres existan estudantes realizando prácticas.

Vixésimo primeira. RESOLUCIÓN DO CONVENIO.

Serán causas de resolución do convenio:

- a) O mutuo acordo das partes.
- b) O incumprimento das cláusulas contidas nel, tras a reunión da Comisión de Seguimento.

A denuncia do convenio poderá ser realizada por calquera das partes, debendo comunicalo por escrito coa antelación establecida na cláusula vixésima.

Unha vez extinguido o convenio, deberá asegurarse ao alumnado que está desenvolvendo as actividades formativas obxecto deste acordo, a posibilidade de finalizalas.



Vixésimo segunda. XURISDICIÓN.

As partes comprométense a resolver amigablemente as diferenzas que puideran xurdir. A Comisión de Seguimento estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na execución do convenio. As cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa interpretación e cumprimento serán de coñecemento e competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade, asinan por duplicado o presente convenio.

POLA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

POLA UNIVERSIDADE NACIONAL DE EDUCACIÓN A
DISTANCIA

Resolución do Reitorado de 15 de xaneiro de 2019
(B.O.E. de 19 de xaneiro)
A Vicerreitora de Coordinación Académica e
Calidade

Román Rodríguez González

Nancy Anne Konvalinka



ANEXO I

ANEXO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E A UNIVERSIDADE NACIONAL DE EDUCACIÓN A DISTANCIA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DA UNED EN ARQUIVOS E MUSEOS DA CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO
CURSO ACADÉMICO 20..../20....

As persoas que asinan este documento manifestan que leron e aceptan as condicións e compromisos establecidos no convenio de colaboración subscrito entre a Consellería de Cultura e Turismo e a UNED, e de acordo coas cláusulas contempladas no dito convenio, fan constar a seguinte información:

1.- Tipo de prácticas

- | | |
|--------------------------|-----------------------------|
| ☐ | Curriculares |
| ☐ | Extracurriculares |
| ☐ | Traballo fin de grao/máster |

2.- Estudante beneficiario ou beneficiaria

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
NIF		

A/o estudante declara cumprir os requisitos establecidos para a realización das prácticas (cláusula terceira do convenio) así como estar ao corrente no pagamento do seguro establecido na cláusula 8.1. do convenio (seguro escolar para menores de 28 anos; seguro específico para os maiores de 28 anos).

3.- Titulación na que está matriculado ou matriculada

4.- Centro dependente da Consellería de Cultura e Turismo onde se desenvolverán as actividades

5.- Titora ou titor académico:

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
NIF		



6.- Titora ou titor da entidade colaboradora:		
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
NIF		

7.- Duración das Prácticas Académicas Externas (dd/mm/aa):						
Do		ao		Nº total de días		Horas/día

8. O réxime de **permisos** será acordado pola entidade colaboradora e o alumnado, e deberá adaptarse ás normas que a Universidade poida establecer. En todo caso, deberán respectarse por parte da entidade colaboradora as obrigas de asistencia á Universidade motivadas polo cumprimento da actividade académica e formativa, así como de representación e participación do alumnado tal e como se establece na cláusula quinta, apartado 3 do presente convenio.

9. O **obxecto** educativo destas prácticas é que o alumnado aplique e complemente os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que o preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

10. Proxecto formativo das prácticas (actividades, competencias, obxectivos específicos, etc.)

O proxecto formativo concreto das prácticas académicas externas ficará reflectido para cada caso neste apartado. O proxecto formativo terá en conta os principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal. O perfil e o nivel de afondamento dependerán dos labores a desenvolver polo alumnado dentro do marco do convenio de colaboración. O alumnado realizará unha estadía onde porán en práctica os coñecementos adquiridos adaptándose así a unha realidade concreta do traballo día a día.

11. O alumnado comprométese a cumprir coas obrigas establecidas no convenio:

- a) Incorporarse na data acordada e cumprir o horario previsto no anexo.
- b) Cumprir e respectar o sistema organizativo da entidade.
- c) Gardar o debido sixilo respecto dos asuntos que coñeza na súa tarefa.
- d) Cumprir e respectar as normas de seguridade e prevención de riscos laborais da entidade.
- e) Cumprir con dilixencia e boa fe as actividades acordadas coa entidade colaboradora.



12.- Información de protección de datos:

Entidade	UNED
Responsable do tratamento	Secretaría Xeral
Finalidade	Xestión dos procesos de acceso á universidade, de matrícula, continuación de estudos, traslados, xestión dos expedientes académicos, dos títulos e dos cursos de posgrao, terceiro ciclo e formación continua, tramitación de reclamacións, recursos, queixas e suxestións, control económico de prezos, enquisas, prácticas, así como calquera outra actividade que se inclúa na xestión académica administrativa.
Lexitimación	Prestación do servizo público de educación superior (Lei orgánica 6/2001, de Universidades). No seu caso, consentimento das persoas interesadas.
Persoas destinatarias	Poderanse ceder datos a administracións públicas con competencias na materia, e nos supostos de obrigas legais.
Dereitos	Acceder, rectificar e suprimir datos, limitar o seu tratamento, opoñerse ao mesmo e á portabilidade dos datos.
Información Adicional	Pódese consultar información adicional na política de privacidade e protección de datos aloxada en: http://portal.uned.es/portal/page?_pageid=93,24430792,93_24430793&_dad=portal&_schema=PORTAL
Transferencias internacionais	Non se prevén

O que se asina, por triplicado, en....., a.....de.....20.....

A titora ou titor académica/o

A titora ou titor pola entidade
colaboradora

A/o estudante



ANEXO II

RELACIÓN DE TITULACIÓNS DA UNED INCORPORADAS A ESTE CONVENIO

Grao en Turismo

Grao en Pedagogía

Grao en Pedagogía Social

Grao en Historia da Arte

Grao en Xeografía e Historia

Grao en Antropoloxía Social e Cultural

Máster Universitario en Formación do Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria,
Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas.

Máster Universitario en Innovación e Investigación en Educación

Máster Universitario en Intervención Educativa en Contextos Sociais

Máster Universitario en Tratamento Educativo da Diversidade

Máster Universitario Euro-Latinoamericano en Educación Intercultural.